

1 ABRENTE- Esquerda Democrática Galega
2 MANIFESTO CONSTITUINTE
3

4 I
5

6 A constitución de Abrente-Esquerda Democrática Galega como colectivo organizado
7 no seo do BNG responde ao propósito de traballar a prol dunha Galiza soberana e
8 socialmente xusta.
9

10 Abrente-Esquerda Democrática Galega ten como obxectivo o reforzo da vontade
11 nacional da cidadanía galega, na consciencia de que o proxecto nacionalista se
12 fundamenta nos caracteres de carácter social, económico, cultural e histórico que
13 definen a Galiza e no apoio democrático da maioría da cidadanía. Defende o
14 recoñecemento de Galiza nun Estado plurinacional e como nación europea.
15

16 II
17

18 As mulleres e os homes de Abrente-Esquerda Democrática Galega apostamos por
19 unha sociedade solidaria e polo combate contra toda forma de discriminación, sexa
20 esta por razóns de xénero, raza ou opción sexual. O acceso universal a bens e servizos
21 esenciais (saúde, educación, vivenda, seguranza social), o compromiso cos dereitos
22 dos traballadores e traballadoras, as políticas de igualdade de xénero e a xestión
23 sustentábel dos recursos naturais constitúen os piares básicos do modelo social e
24 económico que defendemos.
25

26 As mulleres e os homes de Abrente-Esquerda Democrática Galega consideramos
27 imprescindible a existencia dun sector público eficaz en condicións de intervir na
28 economía co fin de mellorar a eficiencia na asignación dos recursos, garantir a
29 igualdade de oportunidades e de condicións de vida e a cohesión social. Apoiamos a
30 existencia de mecanismos públicos de regulación e intervención nos mercados en
31 función dos intereses e necesidades das maiorías sociais nomeadamente en sectores
32 tradicionalmente oligopólicos con grande influencia no desenvolvemento do
33 conxunto do país e no benestar dos seus habitantes tais como o enerxético ou o
34 financeiro. Neste sentido propugnamos a constitución dunha Banca Pública galega a
35 partir da asunción polos poderes públicos galegos da participación estatal no capital
36 de NGB. Do mesmo xeito queremos unha Galiza que acolla, potencie e valore ás
37 persoas emprendedoras capaces de desenvolveren proxectos innovadores orientados á
38 creación de emprego e comprometidos co país.
39

40 III
41

42 Galiza dispón de capacidade económica para sustentar o pleno autogoberno como
43 nación. Esta evidencia debe ser empregada non só como argumento mobilizador nas
44 accións políticas e sociais emprendidas fronte a medidas do goberno autónomo, do
45 goberno estatal ou da Unión Europea mais tamén, e sobre todo, para impulsar a

46 consciencia e a vontade política nacional.

47

48 Despois de ter resistido nas duras condicións do Antigo Réxime, cando principiaba en
49 Europa a industrialización ningún meigallo condenaba a Galiza a ficar fóra do
50 proceso de crecemento que se producía. Puido evolucionar de forma semellante a
51 países que participaron nas primeiras fases da revolución industrial. Porén, deixada
52 de man na política da monarquía do século XIX, o seu desenvolvemento tivo que
53 agardar ao final do século XIX e ao XX, coa paréntese desgrazada da Guerra Civil e
54 da posguerra, para ser quen de levar a cabo unha notábel transformación económica,
55 tirando do propio esforzo da sociedade e sen apoio das institucións estatais.

56

57 Mancada aínda pola crise demográfica, Galiza ten agora un carácter
58 preponderantemente urbano e industrial, sen prexuízo da potencialidade das
59 actividades pesqueiras e agrarias. Dispón de sectores ou empresas que lideran as
60 entidades estatais do mesmo ámbito, conta cunha salientábel capacidade e está
61 abenzoada por unha situación xeográfica - 1500 quilómetros de costa o territorio de
62 Galiza ábrese a toda Europa e ás principais rotas marítimas internacionais - e unha
63 natureza -o clima, a chuvia, o vento e sol- privilexiadas. Mais a (in)acción da Xunta
64 do PP ante a actual crise, afogando sectores básicos da estrutura económica do país,
65 provocando unha gravísima quebra social e perdendo as entidades financeiras
66 fundamentais, retrata a urxencia da necesidade dun outro goberno liderado polo
67 nacionalismo.

68

69 IV

70

71 O uso e o estatus legal do galego, como lingua nacional, debe depender
72 exclusivamente das decisións adoptadas polos poderes públicos galegos desde a
73 consideración de que é a lingua maioritaria de Galiza, posuidora dun patrimonio
74 cultural e literario equiparábel ao de moitos Estados independentes e unha lingua
75 internacional que nos abre a porta do mundo lusófono. Esta perspectiva debe estar
76 presente no deseño e aplicación das políticas de normalización da nosa lingua.

77

78 V

79

80 A humanidade padece aínda as consecuencias das guerras do século XX e da división
81 do mundo en dous bloques, hexemonizados por EEUU e a URSS, representando ao
82 sistema capitalista e ao do denominado socialismo real. Mais o mundo actual ten
83 pouco a ver co resultante da Segunda Guerra Mundial. Mudou a partir de 1989, coa
84 caída do Muro de Berlin e a expansión do capitalismo neoliberal e do
85 fundamentalismo de mercado formulados no chamado Consenso de Washington así
86 como tamén pola emerxencia de novas potencias que prefiguran un concerto mundial
87 multipolar. Cabe afirmar que a dialéctica actual a nivel mundial prodúcese, con
88 formulacións e actores diversos dentro de cada nación, entre a democracia ao servizo
89 da cidadanía e en prol da igualdade, a xustiza e a paz e o capitalismo neoliberal, o
90 fanatismo de mercado e o militarismo.

91

92 Cando con máis crueza se manifesta a presión do capitalismo neoliberal – coa
93 negación da democracia e de dereitos e conquistas sociais froito de décadas de loita –
94 o nacionalismo galego non pode identificarse apenas con formacións ou modelos
95 políticos de países con experiencias e realidades moi diferentes ás de Galiza. Desde a
96 solidariedade con todos os movementos liberadoras e o envolvimento activo nos
97 problemas comúns da humanidade, debemos procurar alianzas coas máis nacións
98 próximas, comezando por Europa e seguindo por aquelas que, como as de
99 Latinoamérica ou África teñen connosco especiais vencellos de orde cultural,
100 lingüístico, económicos e histórico.

101

102 VI

103

104 Desde a realidade de Galiza como nación europea a crítica sobre a política practicada
105 polas institucións comunitarias é compatíbel coa consideración do espazo europeo
106 como un espazo propio e como un elemento básico para a presenza da sociedade
107 galega no mundo. O proxecto histórico da UE non debe ser identificado simplemente
108 co programa neoliberal do tempo presente, promovido por gobernantes empeñados en
109 destruír o benestar e a cohesión sociais mais a as deficiencias e contradicións do
110 proceso de integración europea estanse vendo agudizadas e emerxendo con crueza
111 coa actual crise económica. Así acontece, dunha banda, coa crecente desafección cara
112 a este proceso por parte da cidadanía e, da outra, coa imposibilidade de manter a
113 Unión Monetaria na súa configuración actual.

114

115 A Unión Europea está nunha encrucillada histórica, que se resume no dilema entre
116 retroceder á estrutura previa dos Estados ou ben avanzar nunha maior integración,
117 para o que serían necesaria unhas estruturas políticas e económicas comúns máis
118 ambiciosos e, sobre todo, máis democráticos. Nesta encrucillada Abrente-Esquerda
119 Democrática Galega aposta decididamente pola superación da estrutura dos Estados
120 tradicionais e, en consecuencia, polo afortalamiento da construción europea sobre
121 unhas bases diferentes ás actuais.

122

123 Como resposta á crise do modelo de integración seguido até agora queremos
124 contribuír, xunto coas organizacións doutros pobos europeos, para a construción
125 dunha nova Europa:

126

127 Unha Europa dos Pobos, na que Galiza alcance o pleno recoñecemento do seu
128 carácter nacional e teña representación propia nas institucións.

129

130 Unha Europa Social, que poña en primeiro termo os dereitos e o benestar da maioría
131 social por encima da lóxica dos mercados, e que conte para isto con políticas fiscais e
132 mecanismos redistributivos a nivel europeo

133

134 Unha Europa dos Cidadáns e das Cidadás, fundada na democratización das
135 institucións comunitarias

136

137 E unha Europa que lidere no plano internacional a loita por unha nova orde mundial
138 xusta e pacífica, fundada na universalización dos dereitos civís e sociais, a solución
139 negociada dos conflitos e o respecto e solidariedade entre os pobos.

140

141 No inmediato debe revisarse o estatuto de independencia do BCE, someténdoo ao
142 control democrático dos pobos europeos, coa misión de promover o pleno emprego e
143 o desenvolvemento económico no conxunto de Europa, financiando directamente os
144 poderes públicos e promover, contra a lóxica dos tratados actuais, unha
145 harmonización que impida o “dumping” social e fiscal.

146

147 VII

148

149 O logro de institucións de autogoberno supuxo un punto de inflexión no que atinxe ao
150 desenvolvemento económico e á consolidación de Galiza como espazo político
151 diferenciado. A pesar das insuficiencias do actual marco autonómico, a experiencia de
152 goberno do BNG demostrou a posibilidade de lograr avances substanciais con
153 políticas comprometidas co país e co proxecto nacionalista. En calquera caso a
154 sentenza ditada polo TC español a respecto do novo estatuto catalán evidencia a
155 imposibilidade de que un autogoberno nacional efectivo poda resultar dun cambio
156 constitucional outorgado polas institucións e os partidos estatais. Só a hexemonía
157 nacionalista en Euskadi, Cataluña e Galiza, como condición necesaria para o
158 exercicio da autodeterminación, pode asegurar o pleno recoñecemento da
159 plurinacionalidade e o autogoberno real.

160

161 VIII

162

163 Os homes e as mulleres de Abrente-Esquerda Democrática Galega afirmamos que o
164 BNG, peza básica do patrimonio colectivo xerado polo movemento nacionalista
165 galego na segunda metade do século XX, pode e debe ser a casa común dos e das
166 nacionalistas galegos e, nese sentido, traballaremos para recuperar, no seu seo, a
167 unidade do nacionalismo.

168

169 O pluralismo dunha organización como o BNG supón que este debe ser concibido
170 como un crisol onde conflúen, dentro duns valores compartidos, experiencias, puntos
171 de partida e tradicións diversas e que, pola mesma, segue a aberto a integrar a cantas
172 persoas queiran traballar a prol dunha Galiza máis libre e máis xusta.

173

174 A recuperación e extensión da democracia depende da capacidade de participación e
175 mobilización da cidadanía e, nese sentido, xulgamos imprescindible a complicidade
176 entre as organizacións políticas e os axentes e movementos sociais de carácter
177 transformador, nomeadamente con aqueles cos que compartimos obxectivos e
178 aspiracións, á marxe de calquera caste de hexemonía ou subordinación. A definición
179 da política do BNG en todos os ámbitos - económica, lingüística, medioambiental ou
180 xuvenil - ten que se decidir polos órganos e o conxunto da militancia co fin de

181 posibilitar a elaboración dun modelo global e coherente de acción política.

182

183 Entendemos que o funcionamento interno do BNG debe ser un espello do que
184 defendemos para a sociedade. A participación democrática, a asunción da pluralidade
185 ideolóxica como un valor, a procura constante do acordo e a lealdade a un proxecto
186 colectivo son os principios que guiarán a nosa actuación como militantes do BNG.

187

188